



FEDERACION GALEGA

TIRO CON ARCO

MEMORIA DEPORTIVA

2017

Federación Galega de Tiro co Arco – N.I.F. G-27034131

Apdo. de correos 5368 – CP 15009 (A Coruña)

Presidencia: presidente@fgta.es Tel. 629 628 077 / Secretaría: secretaria@fgta.es Tel. 629 615 737

1. INTRODUCCIÓN

2. CAMPIONATOS E TROFEOS GALEGOS

- Campionato Galego de Sala Arco Recurvo, Arco Composto, Arco Tradicional, Arco Espido e Arco Adaptado
- Campionato Galego Equipos de Club de Sala
- Liga Galega 3D
- Campionato Galego de 3D
- Campionato Galego aire libre Arco Tradicional e Arco Espido.
- Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia de aire libre Arco Recurvo e Arco Composto
- Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia de aire libre Arco Tradicional e Arco Espido
- Campionato Galego de aire libre Arco Recurvo e Arco Composto
- Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia de Sala Arco Tradicional e Arco Espido
- Trofeo Federación Galega- Xunta de Galicia de Sala Arco Recurvo e Arco Composto

3. CAMPIONATOS DE ESPAÑA

- Campionato de España de Sala Absoluto, Júnior e Adaptado
- Campionato de España de sala Cadete e < 14 anos
- Campionato de España de sala de Arco Tradicional e Espido
- Gran Premio de España de Aragón
- Gran Premio de España Comunidade de Murcia
- Campionato de España de Veteranos
- Gran Premio de España Comunidade de Madrid
- Gran Premio de España Cidade da Coruña
- Campionato de España 3D
- Campionato de España de Campo
- Campionato de España aire libre Arco Tradicional e Arco Espido
- Campionato de España 3D Júnior, Cadete e Menores 14 anos
- Campionato de España Sénior e Júnior adaptado
- Campionato de España aire libre Cadete e Menores 14 anos
- Campionato de España 3D en Sala

4. CAMPIONATOS INTERNACIONAIS

5. XORNADAS DE TECNIFICACIÓN

- Xornadas de Tecnificación de Arco Composto (Lugo)
- Tecnificación Arco Tradicional e Espido (Redondela)
- Xornada de Tecnificación de Arco Recurvo (aberta) (Ferrol)
- Curso da RFETA de xuízas/xuíces, xuízas/xuíces nacionais e Curso de Reciclaxe de xuízas/xuíces (Redondela)
- Xornada de Tecnificación FGTA (As Pontes)
- Curso usuario/o IANSEO (Lugo)
- Xornada de Tecnificación de Arco Recurvo (As Pontes)
- Xornada de Tecnificación de Arco Composto (Lugo)
- Xornada de Tecnificación FGTA (As Somozas)

6. OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS

1. INTRODUCCIÓN

A Federación Galega de Tiro con Arco é unha entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente ao dos/as seus/súas asociados/as, que ostenta a representación galega deste deporte e que está integrada polos clubs, deportistas, técnicos/as e xuíces/xuízas.

A Federación Galega de Tiro con Arco está integrada na Real Federación Española de Tiro con Arco ostentando de maneira exclusiva a representación desta dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no referente ao tiro con arco, co obxecto de obter recoñecemento, apoio e protección das autoridades e organismos públicos en Galicia, conservando na integración a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio propio e diferenciado, o seu orzamento e o seu réxime xurídico particular.

A FGTA engloba todas as modalidades e todos os tipos de arco recoñecidos actualmente pola Real Federación Española de Tiro con Arco e/ou pola Federación Internacional de Tiro con Arco.

Entre as funcións que ten encomendadas a FGTA destacan, a nivel deportivo, as seguintes:

- Colaborar coas Administracións Públicas e coa RFETA, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades, elaborando e executando os programas de promoción xeral do tiro con arco no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e organizando actividades dirixidas aos/ás arqueiros/as, velando polo prestixio e promoción deste deporte.
- Diseñar, elaborar e executar os plans de preparación dos/as deportistas de alto nivel e as listas dos/as mesmos/as en colaboración coa Administración deportiva de Galicia e, no seu caso, a Federación Española de Tiro con Arco.
- Colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Colaborar coa Administración Autonómica e cooperar coa Federación Española de Tiro con Arco na formación de adestradores/as e xuíces/xuízas.

2.CAMPIONATOS E TROFEOS GALEGOS

- **Campionato Galego de Sala Arco Recurvo, Arco Composto, Arco Tradicional, Arco Espido e Arco Adaptado para as categorías esquíu, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, sénior e veterano**

Durante os días 14 e 15 de xaneiro de 2017 celebrouse este campionato no Pavillón Municipal de Taboadela (Ourense).

O sábado 14 para as categorías esquíu, benxamín, alevín, infantil e cadete (muller e home) nas modalidades de Arco Recurvo e Arco Composto.

E tamén para as categorías sénior, júnior, cadete e menores de 14 (muller e home) nas modalidades de Arco Espido e Arco Tradicional

O domingo 15 para as categorías Cadete, Júnior, Sénior e Veterano (muller e home) nas modalidades de Arco Recurvo e Arco Composto, ademais da categoría única (muller e home) de Arco Adaptado.

O sábado participaron un total de 110 deportistas nas distintas clases e divisións correspondentes; e o domingo foron un total de 85 participantes.

A declaración de campións foi a seguinte:

Arco Recurvo

<u>Benxamín Muller</u>		
Campiona	Aroa Costa Lage	Arqueros de Cambre
Subcampiona	Cristina Santos Facal	DousxSetenta
3ª Clasificada	Elena García Domenech	Arqueros de Cambre

<u>Benxamín Home</u>		
Campión	Martín Pita Vilela	Arco Narón
Subcampión	Iker Gulias Pérez	Casino A Coruña
3º Clasificado	Andrés Casas Grille	Arco Narón

<u>Alevín Muller</u>		
Campiona	Lucía Rey Cousillas	Arc-Teixo
Subcampiona	Paula Vázquez Blanco	DousxSetenta
3ª Clasificada	María Lema Lavandeira	DousxSetenta

<u>Alevín Home</u>		
Campión	Pablo Filgueira López	Arco Ferrol
Subcampión	Yago García Hermida	DousxSetenta

3º Clasificado	Leonardo Calvo Alves	DousxSetenta
----------------	----------------------	---------------------

Infantil Muller		
Campiona	Mar Candal Valcuende	Arc-Teixo
Subcampiona	Cristina Vergara Basalo	Arco Narón
3ª Clasificada	Laura Dopico Piñón	Arco Narón

Infantil Home		
Campión	Nicolás Pérez Sánchez	Arqueros Cambre
Subcampión	José Vázquez Blanco	DousxSetenta
3º Clasificado	Juan José Prado Neira	C.E.L.T.A.

Cadete Home		
Campión	Pedro Pina Menéndez	Arco Ferrol
Subcampión	Nuno Baamonde Beceiro	Arco Ferrol
3º Clasificado	Diego Lamela García	C.E.L.T.A.

Sénior Muller		
Campiona	Noelia Pena Pardo	Arc-Teixo
Subcampiona	Ana Isabel Villar Fernández	C.E.L.T.A.
3ª Clasificada	Marta Guerrero Arribas	Arco Muralla

Sénior Home		
Campión	Miguel Alvariño García	Sílex
Subcampión	Vicente Enrique Veira Moreno	Arc-Teixo
3º Clasificado	Daniel Castro Barcala	Sílex

Arco Espido

Sénior Home		
Campión	Santiago Soneira Muíño	AD Su A Agra
Subcampión	Elías Méndez Álvarez	Arco Teucro
3º Clasificado	Iñaki Fariña Muradas	Meigarco

Arco Tradicional Instintivo

Sénior Muller		
Campiona	Teresa Veira Casal	Arqueros Cambre
Subcampiona	Mª Del Carmen Fernández López	BoaVila
3ª Clasificada	Marta Álvarez Silveira	Arqueros Cambre

Sénior Home		
Campión	Martín Mata Boedo	Arqueros Cambre
Subcampión	Miguel Ángel Rodríguez Álvarez	Archers Team

3º Clasificado	Daniel M. Blanco Piñeiro	Arco da Vella
----------------	--------------------------	----------------------

Arco Tradicional Recto

Sénior Muller		
Campiona	Mónica Ledo López	Archers Team
Subcampiona	Mari Carmen Novoa Varela	Arkeiros do Deza
3ª Clasificada	Melania Sanjorge García	Meigarco

Sénior Home		
Campión	José Ángel Casal Rodas	Meigarco
Subcampión	Miguel A. Cruz Rodríguez	Arco da Vella
3º Clasificado	Juan I. Barreiro Linares	Arco da Vella

Arco Composto

Sénior Home		
Campión	Teo Iglesias Míguez	Archers Team
Subcampión	José Manuel Fernández Rodríguez	Arco Barco
3º Clasificado	Guillermo J. Rodríguez González	Arco Ferrol

Veterano Home		
Campión	Julio Seoane Freire	Ares Arco
Subcampión	Alfonso Fernández Villamiel	C.E.L.T.A.
3º Clasificado	Antonio Martínez González	Arc-Teixo

No resto das categorías non se acadou o número suficiente de participantes para poder disputar a categoría.

- **Campionato Galego Equipos de Club de Sala**

Durante os día 12 de marzo de 2017 celebrouse este campionato no Pavillón "O Longoiro" de Valdoviño (A Coruña)

Na competición inscribíronse un total de 20 equipos que participaron nas modalidades de Arco Recurvo, Arco Composto e Arco Tradicional .

A declaración de campións foi a seguinte:

Arco Composto

Campión	Arco Barco
Subcampión	Archers Team
3º Clasificado	Arco Muralla

Arco Tradicional

Campión	Lumelar A
Subcampión	Arc-Teixo A
3º Clasificado	Lumelar B

Arco Recurvo

Campión	Arc-Teixo B
Subcampión	Lumelar
3º Clasificado	Guitiriz

-LIGA GALEGA 3D

A modalidade de 3D está en auxe nos últimos anos e o número de participantes increméntase pouco a pouco.

Ao longo do ano desenvólvense varias probas nesta modalidade coa colaboración da Federación Galega, ademais das que se poidan organizar a nivel de club.

As competicións nas que colabora a Federación Galega son o Campionato Galego e a Liga Galega de 3D. No que vai de ano téñense celebrado varias xornadas da Liga Galega, nas que os/as arqueiros/as participan con distintas clases de arco: Arco Instintivo, Arco Espido, Arco Long Bow e Arco Libre. As categorías que se disputan son sénior (home e muller) e menores de 14 anos (home e muller), facendo distinción, neste caso, entre que os arcos utilizados teñan visor ou non.

Polo momento téñense disputado os seguintes encontros:

- 1º encontro da Liga Galega 3D

Celebrado o día 2 de abril en e organizado no lugar de Mazaído-Bens (A Coruña) coa colaboración do Club Arco Hércules, cun total de 79 participantes.

- 2º encontro da Liga Galega 3D

O domingo 23 de abril tivo lugar a 2ª xornada da Liga Galega 3D. Celebrouse no Lugar de Candán – Soutomaioir (Pontevedra) e foi organizada coa colaboración do club Cazarco cun total de 95 participantes.

- 3º encontro da Liga Galega 3D

O sábado 20 de maio tivo lugar a 3ª xornada da Liga Galega 3D. Celebrouse no Parque Periurbano de Ribeira (A Coruña) organizada coa colaboración do Club Arqueiros da Barbanza.

Participaron un total de 72 deportistas.

- 4º encontro da Liga Galega 3D

O domingo 16 de xullo no campo de fútbol de Vincios de Gondomar (Pontevedra), organizada coa colaboración do club Gondomar e o concello de Gondomar participaron un total de 62 deportistas.

- 5º encontro da Liga Galega 3D

O sábado 29 de xullo no parque forestal do sanatorio de Cesuras, Oza-Cesuras (A Coruña) e organizada coa colaboración do club Arco da Vella e o concello de Oza-Cesuras na que participaron un total de 76 deportistas.

- 6º encontro da Liga Galega 3D

O sábado 23 de setembro na Estrada de Pazos de Borbén-Reboreda, Redondela (Pontevedra) e organizada coa colaboración do club Meigarco participaron 72 deportistas.

Menores de 14 con visor

<u>Cadete Home</u>		
Campión	Mateo Palmeiro Muñiz	Arco Teucro
Subcampión	Pablo Rey Mariño	Arqueiros do Barbanza
3ª Clasificada	Carmen Poza Giraldez	Serra de Gondomar

Menores de 14 sen visor

<u>Cadete Home</u>		
Campión	Sergio Alonso Peiteiros	Serra de Gondomar
Subcampión	Silvia Marcote Carneiro	Meigarco
3º Clasificado	Adrián Milán Figueroa	Serra de Gondomar

Cadete sen visor

<u>Cadete Home</u>		
Campión	Xavi Romero Santiago	Arqueiros do Barbanza
Subcampión	Diego Cordeiro Maceiras	Arqueiros do Barbanza
3º Clasificado	Gabriel Patiño Yáñez	Arqueiros do Barbanza

Arco Espido

<u>Sénior Muller</u>

Campiona	M ^a de los Ángeles Suárez Gestal	Boa Vila
Subcampiona	Inma Soto Losada	Arqueiros do Barbanza
3 ^a Clasificada	Violeta Peiteiros Domínguez	Serra de Gondomar

Sénior Home		
Campión	José Ángel Lijo Cadilla	Arqueiros do Barbanza
Subcampión	Carlos G. Rama Rodríguez	Arqueiros do Deza
3 ^o Clasificado	Elías Méndez Álvarez	Arco Teucro

Arco Tradicional Instintivo

Sénior Muller		
Campiona	Inmaculada Santamarta Rodríguez	Arco Hércules
Subcampiona	M ^a del Carmen Fernández López	Boa Vila
3 ^a Clasificada	Mercedes Abilleira Moldes	Arco Teucro

Sénior Home		
Campión	José Jorge Blanco Pazos	Boa Vila
Subcampión	Alfredo Amoedo Pérez	Meigarco
3 ^o Clasificado	Carlos Moreira Castro	Arco da Vella

Arco Tradicional Recto

Sénior Muller		
Campiona	Gloria García Novoa	Toxarco
Subcampiona	Melania Sanjorge García	Meigarco
3 ^a Clasificada	Natalia Candame Calvelo	Arc-Teixo

Sénior Home		
Campión	Óscar Casal Rodas	Meigarco
Subcampión	Miguel Ángel Cruz Rodríguez	Arco da Vella
3 ^o Clasificado	Eugenio Casal Rodas	Meigarco

Arco Libre

Sénior Muller		
Campiona	Alicia Alvarado de la Torre	Arqueiros Ártabros
Subcampiona	Carmen Novoa Varela	Arkeiros do Deza
3 ^a Clasificada	Dolores Bugarín Codeseda	Cazarco

<u>Sénior Home</u>		
Campión	David Romero González	Arqueiros do Deza
Subcampión	Miguel Payá Pérez	Boa Vila
3º Clasificado	José Luís Astray Alvite	Arco da Vella

-CAMPIONATO GALEGO DE AIRE LIBRE ARCO RECURVO E ARCO COMPOSTO EN CATEGORÍAS ESQUÍO, BENXAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL, CADETE, XUVENIL, SÉNIOR E VETERANO.

Os días 10 e 11 de xuño organizado polo club Boa Vila no Campo de Tiro Boa Vila-A Devesa (Pontevedra) estando convocadas as modalidades de arco recurvo e arco composto nas categorías de Esquío, Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Júnior, Sénior e Veterano (Home e Muller). Participando 113 atletas.

A declaración de campións foi a seguinte:

Arco Recurvo

<u>Benxamín Muller</u>		
Campiona	María Lema Lavandeira	DousXSetenta
Subcampiona	Aroa Costa Lage	Arqueros de Cambre
3ª Clasificada	Cristina Santos Facal	DousXSetenta

<u>Benxamín Home</u>		
Campión	Andrés Casas Grille	Arco Narón
Subcampión	Iago Rodríguez Pequeño	DousXSetenta
3º Clasificado	Anxo Trillo Lista	DousXSetenta

<u>Alevín Muller</u>		
Campiona	Lucía Rey Cousillas	Arc-Teixo
Subcampiona	Olivia de Arce	Casino A Coruña
3ª Clasificada	Paula Vázquez Blanco	DousXSetenta

<u>Alevín Home</u>		
Campión	Javier Cortegoso Torres	Arco Ferrol

Subcampión	Pablo Filgueira López	Arco Ferrol
3º Clasificado	Martín Pita Vilela	Arco Narón

Infantil Muller		
Campiona	Cristina Vergara Basalo	Arco Narón
Subcampiona	Mar Candal Valcuende	Arc-Teixo
3ª Clasificada	Laura Ramos Santos	DousXSetenta

Infantil Home		
Campión	Jose Vázquez Blanco	DousXSetenta
Subcampión	David Rodríguez Fresco	A Frouxeira
3º Clasificado	Marcos Biurrun García	Arqueros de Cambre

Cadete Home		
Campión	Pedro Pina Menéndez	Arco Ferrol
Subcampión	Nuno Baamonde Beceiro	Arco Ferrol
3º Clasificado	Marcos Ameneiros Pérez	A Frouxeira

Sénior Muller		
Campiona	Noelia Pena Pardo	Arc-Teixo
Subcampiona	Selene Blanco Fidalgo	Arqueros de Cambre
3ª Clasificada	María Cristina Castro Barcala	Sílex

Sénior Home		
Campión	Daniel Castro Barcala	Sílex
Subcampión	Antonio Otero Iglesias	Lumelar
3º Clasificado	Vicente Enrique Veira Moreno	Arc-Teixo

Veterano Home		
Campión	José María Lema Sanz	DousXSetenta
Subcampión	José Luís Rodríguez García	Arc-Teixo
3º Clasificado	Claus Seara Erlewein	Lumelar

Arco Composto

Sénior Home		
Campión	José Manuel Fernández Rodríguez	Arco Barco
Subcampión	Teo Iglesias Míguez	Archers Team
3º Clasificado	Reinaldo Daniel Motto Acosta	Archers Team

-CAMPIONATO GALEGO DE 3D

O día 18 de xuño celebrouse en Reboareda, Redondela (Pontevedra), organizado polo club Meigarco e o Concello de Redondela para as categorías de Arco Tradicional (Recurvo e Long Bow), Arco Espido e Arco Composto nas categorías sénior (home e muller), júnior, cadete e menores de 14 anos.

Participaron un total de 89 arqueiras/os.

Arco Espido

<u>Sénior Muller</u>		
Campiona	María Ángeles Suárez Gestal	Boa Vila
Subcampiona	Violeta Peiteiros Domínguez	Serra de Gondomar
3ª Clasificada	Inma Souto Losada	Arqueiros do Barbanza

<u>Sénior Home</u>		
Campión	José Benjamín Martínez Bernárdez	Cazarco
Subcampión	Iñaki Fariña Muradas	Meigarco
3º Clasificado	Elías Méndez Álvarez	Arco Xeve

Arco Tradicional Instintivo

<u>Sénior Muller</u>		
Campiona	Melania Sanjorge García	Meigarco
Subcampiona	María Del Carmen Fernández López	Boa Vila
3ª Clasificada	Patricia Pérez Cameselle	Archers Team

<u>Sénior Home</u>		
Campión	Alfredo Amoedo Pérez	Meigarco
Subcampión	José Jorge Blanco Pazos	Boa Vila
3º Clasificado	Lee Ramsdale	Lumelar

Arco Tradicional Recto

<u>Sénior Home</u>		
Campión	Óscar Casal Rodas	Meigarco
Subcampión	Silverio Bouzas Barreiro	Boa Vila
3º Clasificado	José Antonio Fernández Pérez	Lumelar

Arco Libre

<u>Sénior Home</u>		
Campión	Eloy Álvarez Couñago	Cazarco
Subcampión	J. Luís Astray Alvite	Arco da Vella
3º Clasificado	Reinaldo Daniel Motto Acosta	Archers Team

Arco Sin Visor

Sub 14		
Campión	Sergio Alonso Peiteiros	Serra de Gondomar
Subcampiona	Silvia Marcote Carneiro	Meigarco
3º Clasificado	Adrián Millán Figueroa	Serra de Gondomar

-Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia de aire libre Arco Recurvo, Arco Composto para as categorías sénior, veterano e adaptado.

-Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia de aire libre Arco Tradicional e Arco Espido.

O día 16 e 17 de setembro celebrouse o trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia para todas as divisións e categorías no Campo de fútbol de Cabreiros (Lugo), organizado coa colaboración do Concello de Xermade e o Club de fútbol Cabreiros.

Obténdose os seguintes resultados:

ARCO ESPIDO

SÉNIOR HOME		
Campión	José Ángel Lijo Cadilla	Arqueiros do Barbanza
Subcampión	Santiago Soneira Muíño	AD Su A Agra
3º Clasificado	Luís Miguel Suárez González	Lumelar

ARCO TRADICIONAL INSTINTIVO

SÉNIOR HOME		
Campión	Silverio Bouzas Barreiro	Boa Vila
Subcampión	Lee Ramsdale	Lumelar
3º Clasificado	José Villarroel	Serra de Gondomar

ARCO TRADICIONAL RECTO

SÉNIOR HOME		
Campión	Christoph Schnitzler	Arqueiros de Cambre
Subcampión	Óscar Casal Rodas	Meigarco
3º Clasificado	Eugenio Casal Rodas	Meigarco

ARCO RECURVO

SÉNIOR HOME		
Campión	Miguel Alvariño García	Sílex
Subcampión	Vicente Veira Moreno	Arc-Teixo
3º Clasificado	Antonio Otero Iglesias	Lumelar

Non se acadaron os participantes mínimos para que se disputase o resto das categorías convocadas.

-CAMPIONATO GALEGO AIRE LIBRE ARCO TRADICIONAL E ARCO ESPIDO

Celebrouse este campionato o día 7 de outubro nas instalacións deportivas do Club Boa Vila A Devesa (Pontevedra), organizado polo club Boa Vila.

Obténdose os seguintes resultados:

ARCO ESPIDO

SÉNIOR MULLER		
Campiona	Violeta Peiteiros Domínguez	Meigarco
Subcampiona	Silvia Fernández López	Meigarco
3ª Clasificada	María de los Ángeles Suárez Gestal	Boa Vila

SÉNIOR HOME		
Campión	Elías Méndez Álvarez	Arco Xeve
Subcampión	José Ángel Lijó Cadilla	Arqueiros do Barbanza
3º Clasificado	Santiago Soneira Muíño	AD Sua Agra

ARCO TRADICIONAL INSTINTIVO

SÉNIOR MULLER		
Campiona	Melania Sanjorge García	Meigarco
Subcampiona	Rosa Dapia Rodríguez	Boa Vila
3ª Clasificada	Beatriz Olano Becerra	Arqueros de Cambre

SÉNIOR HOME		
Campión	José Alberto Villaroel Salgueiro	Serra de Gondomar
Subcampión	Carlos Moreira Castro	Arco da Vella
3º Clasificado	José Jorge Blanco Pazos	Boa Vila

ARCO TRADICIONAL RECTO

SÉNIOR HOME		
Campión	Eugenio Casal Rodas	Meigarco
Subcampión	Óscar Casal Rodas	Meigarco
3º Clasificado	José Ángel Casal Rodas	Meigarco

-TROFEO FEDERACIÓN GALEGA-XUNTA DE GALICIA DE SALA ARCO RECURVO, ARCO COMPOSTO PARA AS CATEGORÍAS ESQUÍO, BENXAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL, CADETE, XUVENIL, SENIOR, VETERANO E ADAPTADO.

-TROFEO FEDERACIÓN GALEGA-XUNTA DE GALICIA DE SALA ARCO TRADICIONAL E ARCO ESPIDO.

O día 11 e 12 de novembro celebrouse o trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia para todas as divisións e categorías no Pavillón Municipal do Valadouro, Ferreira de Valadouro (Lugo)

O sábado 11 déronse cita as modalidades de Arco Espido e Arco Tradicional (instintivo, recto) en categoría sénior, júniór, cadete e menores de 14 anos (Muller e Home)

O domingo 12 déronse cita as modalidades de Arco Recurvo e Arco Composto nas categorías: Cadete júniór, sénior e veterano (Muller e Home) e de Arco Adaptado en categoría única: Muller e Home. Tamén se disputou a competición de Arco Recurvo e Arco Composto nas categorías: Infantil, alevín, benxamín e esquío (Muller e Home)

Participaron un total de 125 deportistas obténdose os seguintes resultados:

ARCO ESPIDO

SÉNIOR MULLER		
Campiona	Silvia Fernández López	Meigarco
Subcampiona	Violeta Peiteiros Domínguez	Meigarco
3ª Clasificada	Inma Souto Losada	Arqueiros do Barbanza

SÉNIOR HOME		
Campión	Sergio Alonso Peiteiros	Serra de Gondomar
Subcampión	Elías Méndez Álvarez	Arco Xeve
3º Clasificado	Santiago Soneira Muíño	AD Su A Agra

ARCO TRADICIONAL INSTINTIVO

SÉNIOR HOME		
Campión	José Alberto Villarroel Salgueiro	Serra de Gondomar

Subcampión	Silverio Bouzas Barreiro	Boa Vila
3º Clasificado	Carlos Moreira Castro	Arco da Vella

ARCO TRADICIONAL RECTO

SÉNIOR HOME		
Campión	Christoph Schnitzler	Arqueros de Cambre
Subcampión	Eugenio Casal Rodas	Meigarco
3º Clasificado	Javier Santos García	Federación Canaria

ARCO COMPOSTO

SÉNIOR HOME		
Campión	Daniel Motto Acosta	Arco Teucro
Subcampión	Félix Pérez Cerviño	Arco Teucro
3º Clasificado	Teo Iglesias Míguez	Archers Team

VETERANO HOME		
Campión	Alfonso Fernández Villamiel	Escola Lucense
Subcampión	Fidel Rodríguez González	Castelarco
3º Clasificado	Antonio Martínez González	Arc-Teixo

ARCO RECURVO

BENXAMÍN HOME		
Campión	César Manuel Vázquez Fernández	Escola Lucense
Subcampión	Andrés Casas Grille	Arco Narón
3º Clasificado	Juan Aguado Bellón	Escola Lucense

BENXAMÍN MULLER		
Campiona	Aroa Costa Lage	Arqueros de Cambre
Subcampiona	Cecilia Sánchez Río	Arqueros de Cambre
3ª Clasificada	Clara Matesanz Abella	Arco Narón

ALEVÍN HOME		
Campión	Martín Pita Vilela	Arco Narón
Subcampión	Martín Mera Grandal	Arco A Frouxeira
3º Clasificado	Pedro Martín González	Arco A Frouxeira

INFANTIL MULLER		
Campiona	Mar Candal Valcuende	Arc-Teixo
Subcampiona	Cristina Vergara Basalo	Arco Narón
3ª Clasificada	Laura Piñón Dopico	Arco Narón

<u>INFANTIL HOME</u>		
Campión	Pablo Filgueira López	Arco Ferrol
Subcampión	Javier Cortegoso Torres	Arco Ferrol
3º Clasificado	Marcos Biurrun García	Arqueros de Cambre

<u>CADETE MULLER</u>		
Campiona	Sandra Rodríguez Freire	Arco A Frouxeira
Subcampiona	Laura Veira Carollo	Arc-Teixo
3ª Clasificada	Sandra Cepero García	Arco Narón

<u>CADETE HOME</u>		
Campión	Pedro Pina Menéndez	Arco Ferrol
Subcampión	Marcos Ameneiros Pérez	Arco A Frouxeira
3º Clasificado	Diego Lamela García	Escola Lucense

<u>SÉNIOR MULLER</u>		
Campiona	Noelia Pena Pardo	Arc-Teixo
Subcampiona	Marta Guerrero Arribas	Arco Muralla
3ª Clasificada	Cristina Castro Barcala	Sílex

<u>SENIOR HOME</u>		
Campión	Miguel Alvariño García	Sílex
Subcampión	Vicente Enrique Veira Moreno	Arc-Teixo
3º Clasificado	Francisco José Pérez Sánchez	Universitario A Coruña

<u>VETERANO HOME</u>		
Campión	José Manuel García Cordido	IADOVI
Subcampión	Adriano Romero Basoa	Sílex
3º Clasificado	Juan Dopico López	Arco Ferrol

3. CAMPIONATOS DE ESPAÑA

- CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SALA ABSOLUTO, JÚNIOR E ADAPTADO

Disputouse entre o 3 e o 5 de febreiro en Fuengirola (Málaga), e Galicia estivo representada por varias/os arqueiras/os que obtiveron as seguintes medallas:

- Medalla de Ouro en Arco Recurvo Júnior Home: Daniel Castro Barcala
- Medalla de Ouro en Arco Recurvo Júnior Muller: Cristina Castro Barcala
- Medalla de Bronce en Equipo Arco Recurvo: Miguel Alvariño García, Daniel Castro Barcala e Vicente Veira Moreno



- CAMPEONATO DE ESPAÑA DE SALA CADETE E < 14 ANOS

Celebrado en Pamplona entre os días 18 e 19 de febreiro coa representación de varias/os arqueiras/os.

- CAMPEONATO DE ESPAÑA DE SALA DE ARCO TRADICIONAL E ESPIDO

Celebrouse entre os días 4 e 5 de marzo na localidade de Ávila. Participaron no campionato varias/os arqueiras/os representando a Galicia e que obtiveron as seguintes medallas:

- Medalla de Plata en Arco Tradicional Recto Home: Eugenio Casal Rodas
- Medalla de Ouro en Arco Tradicional Recto Muller: Melania Sanjorge García.

- GRAN PREMIO DE ESPAÑA DE ARAGÓN

Celebrado os días 1 e 2 de abril en María de la Huerva (Zaragoza), contou coa participación de varios deportistas en representación desta federación

- GRAN PREMIO DE ESPAÑA DE MURCIA

Celebrado os días 29 e 30 de abril en San Javier (Murcia), contou coa participación de varios deportistas en representación desta federación e que acadaron as seguintes medallas:

- Medalla de Bronce en Arco Recurvo Home: Daniel Castro Barcala
- Medalla de Ouro en Arco Composto Home: Alberto Blázquez Arbonies

- CAMPEONATO DE ESPAÑA DE VETERANOS

Os días 6 e 7 de maio en Alcalá de Henares (Madrid) celebrouse este campionato coa representación desta federación por parte dun arqueiro.

- GRAN PREMIO DE ESPAÑA COMUNIDADE DE MADRID

Celebrado no Parque deportivo Puerta de Hierro (Madrid) entre os días 13 e 14 de maio coa participación de varias/os arqueiras/os en representación desta federación acadando as seguintes medallas:

- Medalla de Bronce en Arco Composto Home: Alberto Blázquez Arbonies
- Medalla de Plata en Arco Recurvo Home: Daniel Castro Barcala

- GRAN PREMIO DE ESPAÑA CIDADE DA CORUÑA

Celebrado na Cidade Deportiva da Torre (A Coruña) entre os días 27 e 28 de maio coa participación de varias/os arqueiras/os que acadaron as seguintes medallas:

- Medalla de Bronce en Arco Recurvo Muller: Marta Guerrero Arribas
- Medalla de Bronce en Arco Composto Home: Alberto Blázquez Arbonies

- CAMPEONATO DE ESPAÑA 3D

Os días 3 e 4 de xuño celebrouse en Burgos o campionato de España de 3D, coa participación de varias/os arqueiras/os representando a esta federación e obtendo a seguinte medalla:

- Medalla de Plata en Arco Tradicional Recto Home: Óscar Casal Rodas

- **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CAMPO**

En Lorca (Murcia) entre os días 10 e 11 de xuño se celebrou este campionato. Nel participaron varias/os arqueiras/os galegos acadando a seguinte medalla:

- Medalla de Ouro en Arco Tradicional Recto Muller: Melania Sanjorge García

- **CAMPIONATO DE ESPAÑA AIRE LIBRE ARCO TRADICIONAL E ARCO ESPIDO**

Celebrado en Lleida entre os días 24 e 25 de xuño varias/os arqueiras/os galegos participaron no campionato acadando as seguintes medallas:

- Medalla de Plata en Arco Tradicional Recto Muller: Melania Sanjorge García
- Medalla de Plata en Arco Tradicional Recto Home: Eugenio Casal Rodas

- **CAMPIONATO DE ESPAÑA 3D JÚNIOR, CADETE E MENORES 14 ANOS**

O día 2 de xullo celebrouse en Navaleno (Soria) este campionato, coa participación de varias/os arqueiras/os representando a esta federación e obtendo a seguinte medalla:

- Arco Composto Masculino <14 anos: Mateo Palmeiro Muñiz

- **CAMPIONATO DE ESPAÑA SÉNIOR E JÚNIOR ADAPTADO**

Entre os días 7 e 9 de xullo disputouse en Salamanca este campionato coa participación de varias/os deportistas representando a esta federación. Acadáronse as seguintes medallas:

- Medalla de Bronce en Arco Composto Sénior Home: Alberto Blázquez Arbonies
- Medalla de Plata por Equipos Arco Recurvo Mixto: Daniel Castro Barcala e Cristina Castro Barcala
- Medalla de Bronce por Equipos Arco Recurvo Home: Miguel Alvariño García, Daniel Castro Barcala e Vicente Enrique Veira Moreno
- Medalla de Bronce por Equipos Arco Composto Home: Jose Manuel Fernández Rodríguez, Daniel Motto Acosta e Guillermo Rodríguez González
-

- **CAMPIONATO DE ESPAÑA AIRE LIBRE CADETE E MENORES 14 ANOS**

Entre os días 22 e 23 de xullo disputouse en Valdoviño (A Coruña) este campionato coa participación de varias/os deportistas representando a esta federación. Acadouse a seguinte medalla:

- Medalla de Bronce en Arco Recurvo <14 anos Muller: Cristina Vergara Basalo

- **CAMPIONATO DE ESPAÑA 3D EN SALA**

Celebrado en Granada entre o 1 e o 3 de decembro contou coa participación de varias/os deportistas en representación desta federación, os cales acadaron as seguintes medallas:

- Medalla de Ouro en Arco Tradicional Recto Muller: Melania Sanjorge García
- Medalla de Bronce en Arco Tradicional Recto Home: Óscar Casal Rodas

4. CAMPIONATOS INTERNACIONAIS

5. TECNIFICACIÓN

- **Xornadas de Tecnificación de Arco Composto (Lugo)**

A FGTA levou a cabo no mes de marzo, os días 4 e 5, na galería municipal de Tiro con Arco no parque da Milagrosa (Lugo) unha primeira convocatoria, de forma aberta, dirixida a todas/os as/os arqueiras/os e adestradoras/es da modalidade de arco composto que tivesen interese en entrar a formar parte do grupo de tecnificación co fin de elevar o nivel técnico desta modalidade en Galicia.

Para isto vaise contouse con Alberto Blázquez Arbonés, quen, en conxunción coa dirección técnica da FGTA se encarga da dirección e docencia nas diferentes concentracións.

A tecnificación para arco composto proposta pola FGTA para o ano 2018 constará de dúas (2) concentracións espazadas convenientemente e que coincidirán cos cambios de tempada coa fin de desenvolver traballos técnicos específicos.

- **Tecnificación Arco Tradicional e Espido (Redondela)**

Celebrada en Redondela os días 25 e 26 de marzo no pavillón do Colexio Porto Cabeiro de Redondela.

Levou a cabo esta convocatoria, de forma aberta, dirixida a todas/os as/os arqueiras/os e adestradoras/es da modalidade de arco tradicional e arco espido con interese en formar parte do grupo de tecnificación destas modalidades coa fin de elevar o nivel técnico das mesmas en Galicia. Para isto contouse con D. José Luis Hervás Vallés, arqueiro e técnico de recoñecida reputación en Arco Tradicional, e D. Javier Murillas, arqueiro e técnico experto en Arco espido, quen, en conxunción coa dirección técnica da FGTA encargáronse da coordinación e docencia na concentración. Destaca que foi a primeira ocasión na que se celebrou unha tecnificación de Arco Espido.

- **Xornada de Tecnificación de Arco Recurvo (aberta) (Ferrol)**

Celebrada o día 25 de marzo no pavillón de FIMO nº1, pista 1 en Ferrol.

Como continuación do Plan de Tecnificación da FGTA, convocouse a todas/os as/os arqueiras/os Xuvenís, Cadetes, Infantís e Alevíns de segundo ano de arco recurvo que tiveran dita categoría durante o ano 2017, e con interese en integrarse no Programa de Tecnificación Galega ou ás/aos que xa estiveran integradas/os nel, así como ás/aos monitoras/es que adestran a ditas/os arqueiras/os.

- **Curso da RFETA de xuízas/xuíces, xuízas/xuíces nacionais e Curso de Reciclaxe de xuízas/xuíces (Redondela)**

Celebrado os días 14, 15 e 16 de abril

- **Xornada de Tecnificación FGTA (As Pontes)**

Celebrada o 6 de maio nas instalacións do club Sílex no Poboado de As Veigas en As Pontes (A Coruña)

Continuando co Programa de Tecnificación Galega, convocouse a unha xornada ás/aos deportistas relacionadas/os, así como ás/aos monitoras/es que as/os adestran. A convocatoria fíxose de maneira nominal para as/os arqueiras/os que previamente foron avaliadas/os polo equipo técnico de FGTA e que precisaban dunha tecnificación específica que lles permitise incorporarse ao Plan da Real Federación Española de Tiro con Arco. Así mesmo esta concentración serviu para pechar o ciclo deportivo tanto da tempada de sala como a organización da tecnificación a cargo da RFETA. Realizouse un balance de obxectivos e resultados, e a planificación da próxima tempada.

- **Xornada de Tecnificación FGTA (Ferrol)**

Celebrada o día 3 de xuño no pavillón de FIMO nº1, pista 1 en Ferrol.

Como continuación do Plan de Tecnificación da FGTA, convocouse un grupo de Alto Rendemento e Seguimento da FGTA e dun grupo de Deportistas con proxección que xa acudirán á concentración aberta do mes de marzo.

- **Curso usuario/a IANSEO (Lugo)**

Celebrado o día 2 de setembro na Aula CeMIT do Castiñeiro (Lugo).

A Federación Galega de Tiro con Arco convocou un curso para a formación de directivas/os, xuízas/xuíces, técnicas/os e arqueiras/os de tiro con arco no programa de xestión IANSEO para as competicións de tiro con arco.

- **Xornada de Tecnificación de Arco Recurvo (As Pontes)**

Celebrada o día 30 de setembro no pavillón do Colexio Monte Caxado de As Pontes (A Coruña). Como continuación do Plan de Tecnificación da FGTA, convocouse a todas/os as/os arqueiras/os Xuvenís, Cadetes, Infantís e Alevíns de segundo ano de arco recurvo que tiveran dita categoría durante o ano 2017, e que estiveran interesadas/os en integrarse no Programa de Tecnificación Galega ou ás/aos que xa estiveran integradas/os nel, así como ás/aos monitoras/es que adestran a ditas/os arqueiras/os.

- **Xornada de Tecnificación de Arco Composto (Lugo)**

Os días 30 de setembro e 1 de outubro levouse a cabo a segunda convocatoria de tecnificación de arco composto.

A FGTA levou a cabo esta convocatoria, de forma aberta, dirixida a todas/os as/os arqueiras/os e adestradoras/es da modalidade de arco composto con interese en entrar a formar parte do grupo de tecnificación coa fin de elevar o nivel técnico desta modalidade en Galicia. Para isto vaise contouse con Alberto Blázquez Arbonies, quen, en conxunción coa dirección técnica da FGTA encargouse da dirección e docencia da concentración. A FGTA, a través de Alberto Blázquez, aposta desta forma polo tiro progresivo con tensión de espalda como técnica a implantar. Esta convocatoria estivo dirixida e enfocada a traballos técnicos específicos, que

foron coordinados polo responsable, Alberto Blázquez, coordinando grupos de traballo entre as novas incorporacións e os que continuaban a formación dende as anteriores convocatorias.

- **Xornada de Tecnificación FGTA (As Somozas)**

O día 18 de novembro no pavillón municipal do complexo multiusos do concello das Somozas levouse a cabo unha xornada de tecnificación de Arco Recurvo na cal participaron deportistas convocados que previamente foron avaliados polo equipo técnico da FGTA, os cales precisan dunha formación específica que lles permite incorporarse ao plan da Real Federación Española de Tiro con Arco.

A xornada de tecnificación foi dirixida por Manuel Buitrón Sánchez e Anxo Grandal García.

6. OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS

Ademais das competicións de carácter oficial, organizadas directamente pola Federación Galega ou en colaboración cos clubs interesados, celebráronse no que vai de ano as seguintes competicións, recollidas no calendario deportivo para o ano 2017:

- **TROFEO ANTROIDO XOVEN (CLUB ARCO FERROL – FERROL)**

Celebrado o 26 de febreiro en Ferrol no pavillón da Casa do Deporte para as categorías cadete, infantil, alevín, e benxamín.

- **TROFEO SÍLEX ARCO RECURVO (CLUB SÍLEX, AS PONTES)**

Competición organizada polo Club Sílex no campo do Poboado de As Veigas de As Pontes o 17 de xuño nas modalidades de Arco Recurvo e Composto e para as categorías veterán, sénior, júniór e cadete (Muller e home).

- **TROFEO SAN FROILÁN (CLUB ARCO MURALLA – LUGO)**

Competición organizada o día 1 de outubro polo club Arco Muralla no polideportivo Daniel Cordido de Lugo nas modalidades de Arco Recurvo e Composto nas categorías veterán, sénior, júniór, cadete, infantil e novel maior de 14 anos (Muller e home).

- **TROFEO INTERNACIONAL ARCO BARCO (ARCO BARCO – O BARCO)**

Celebrado o 28 de outubro no pavillón Municipal de Calabagueiros (O Barco de Valdeorras) nas modalidades de Arco Tradicional e Espido en categoría sénior (Muller e Home).

- **TROFEO CIDADE DE NARÓN (CLUB ARCO NARÓN – NARÓN)**

Celebrado o 25 de novembro no pavillón do Campo da Serra (Narón) nas modalidades de Arco Recurvo e Composto nas categorías veterán, sénior, júniór, cadete, infantil, alevín, benxamín e prebenxamín).

- **TROFEO CONCELLO DE REDONDELA (MEIGARCO – REDONDELA)**



Celebrado o 26 de novembro no pavillón do colexio de Porto Cabeiro (Redondela) nas modalidades de arco tradicional e espido en categoría sénior (Muller e home).

- TROFEO CAP 17 INTERNACIONAL DE SALA (CLUB SÍLEX – AS PONTES)

Celebrado os día 16 de decembro no pavillón municipal de As Pontes nas modalidades de Arco Recurvo e Arco Composto para as categorías veterán, sénior, júnior e cadete (Muller e Home).

- TROFEO NADAL (CLUB ARCO DA VELLA – OZACESURAS)

Celebrado os día 17 de decembro no pavillón Loureiro de Oza dos Ríos nas modalidades de Arco Tradicional e Arco Espido para a categoría sénior (Muller e Home) e cadetes sen visor en categoría única.

